



15.- O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)

Tras a dimisión do ditador Miguel Primo de Rivera o 29 de xaneiro de 1930, sucedéronse unha serie de gobernos que tentaron devolver ao debilitado réxime monárquico á senda constitucional e parlamentaria, a pesar da febleza dos partidos dinásticos. Alfonso XIII nomeou presidente do goberno a Dámaso Berenguer. Este período será coñecido como *ditablanda* debido ás pretensións do presidente de restablecer o sistema de 1876. A lentitude na aplicación de reformas foi a causa do fracaso de Berenguer. Durante o seu goberno, tivo lugar o Pacto de San Sebastián (17 de agosto de 1930). Nel, a Alianza Republicana e outras personalidades políticas de ideoloxía socialista ou nacionalista, acordaron a estratexia para poñer fin ao reinado de Alfonso XIII e instaurar a República. Ademais, en decembro dese ano, tiveron lugar varios intentos frustrados de imponer a república pola forza. O máis salientable foi o acontecido en Jaca, levado a cabo polos capitáns Galán e García Hernández. O seu resultado foi a detención e o fusilamento destes militares.

Berenguer foi remplazado polo almirante Juan Bautista Aznar en febreiro de 1931. O novo goberno convocou, o 12 de abril, eleccións municipais. Estas adquiriron un carácter de plebiscito a favor ou en contra da monarquía. O triunfo das candidaturas republicanas nas grandes cidades e capitais de provincia propiciou a proclamación da 2ª República o 14 de abril de 1931.

O Goberno provisional, que fora deseñado no Pacto de San Sebastián, proclamou presidente do goberno a Niceto Alcalá-Zamora. Sen apoios, Alfonso XIII exíliouse. Dende abril a decembro, o país estivo presidido por este Goberno Provisional que aprobou unha serie de decretos para abordar as medidas máis urgentes y necesarias para transformar a política española:

- Desenvolver unha serie de medidas e decretos necesarios para poñer en marcha a república: decretar a amnistía, restablecer as liberdades públicas e sindicais e convocar eleccións a cortes constituíntes.
- Debeu afrontar o problema de Cataluña xa que o mesmo 14 de abril, en Barcelona, Francesc Maciá (dirixente de Esquerra Republicana) proclamou o *Estado Catalán e a república federal*. O goberno provisional, tratando de reconducir a situación, acordou un programa para acelerar a inmediata posta en marcha da autonomía catalana co recoñecemento da Generalitat como órgano de goberno autónomo provisional e a inmediata elaboración dun estatuto.
- Tamén deu inicio a unhas serie de medidas reformistas ante problemas que necesitaban unha resposta inmediata: a miseria agraria con medidas para favorecer aos xornaleiros agrarios como o *decreto de laboreo forzoso* ou o *decreto de termos municipais*, o analfabetismo coa dotación de escolas e mestres e a republicanización do exército coa reforma militar de Azaña.

Nas eleccións a cortes constituintes a coalición de republicanos e socialistas que formaba o goberno provisional obtivo unha ampla maioría. Estas cortes aprobaron a primeira constitución republicana da historia de España: a Constitución de 1931.

Esta constitución declara a España como unha república parlamentaria de traballadores de toda clase e unha república que será laica, con separación entre igrexa e estado. Un estado que se define como integral, onde cabe a posibilidade de



crear unha autonomía alí onde se solicite. Algúns dos seus rasgos máis característicos son: o sufraxio universal masculino e feminino (levado á práctica por primeira vez en 1933), soberanía popular, unha ampla declaración de dereitos nos que aos dereitos individuais clásicos se lle unen a liberdade de reunión, asociación e o dereito á educación, dereitos de tipo social que significan un avance significativo respecto ás anteriores constitucións. O Presidente da República sería elixido polas Cortes (órgano unicameral) por un período de 6 anos e tiña a potestade de nomear ou destituír ao Presidente de Goberno, pero sempre coa conformidade das Cortes. Para garantir o equilibrio dos mecanismos democráticos creaba un sistema de controis mutuos entre as Cortes e a Presidencia da República. Tamén establecía un modelo de economía no que asumía o principio de que a riqueza do país quedaba subordinada aos intereses da economía nacional e, aínda que garantizaba o dereito á propiedade privada, establecía a posibilidade da expropiación, abrindo así o camiño para poder realizar unha reforma agraria. Tamén concedía ao Estado a facultade de intervir e dirixir os asuntos económicos en caso de necesidade, o que permitiría a nacionalización de certos sectores da economía.

A proclamación da República tivo unha forte repercusión no panorama político, dividindo á sociedade en polos opostos, feito que desencadeará no 36 a Guerra Civil. Na dereita, nun primeiro momento cundiu a desorientación pola proclamación da República, pero despois apareceu reorganizada en torno á *CEDA* de Gil Robles que aglutinou ás distintas dereitas rexionais e contou co apoio da xerarquía católica expresando de forma ambigua o seu actamento do sistema. Máis á dereita aparecerán partidos de perfil máis autoritario, monárquicos afonsinos (*Renovación española*), carlistas (*Comunión Tradicionalista*) e algúns fascistas como *Falange Española y de las JONS* liderada por Jose Antonio Primo de Rivera. Na esquerda destacan o *PSOE*, o *PCE*, o *POUM* (comunistas de tendencia trostkista) e o anarquismo da *CNT* e a *FAI*. Na liña de pensamento republicano temos formacións de dereitas, de centro-dereita populista como o *Partido Republicano Radical* de Lerroux ou de esquerda como é o caso de *Acción Republicana* de Manuel Azaña, ou a *ORGA* de Casares Quiroga. No nacionalismo periférico destacan partidos de dereita como o *PNV* vasco ou a *Lliga* catalana e partidos de esquerda como *Esquerra Republicana* de Cataluña.



16.- As grandes reformas da República

Trala proclamación da Segunda República, convocáronse eleccións a Cortes Constituíntes, que deron a maioría ós grupos pro-reformistas dos partidos republicanos e do PSOE. Aprobáron a Constitución de 1931, que definía a España como un estado democrático, laico, cun presidente da República, un goberno responsable ante o Congreso, sufraxio universal masculino e feminino e cunha estrutura unitaria do territorio con posibilidade de estatutos de autonomía. Como presidente da república foi elixido Niceto Alcalá Zamora, que encargou a Manuel Azaña que formase goberno. Azaña optou pola alianza dos republicanos de esquerda e os socialistas para gobernar.

Comezou así o denominado bienio reformista (1931-1933), debido ás importantes reformas realizadas que pretendían transformar e modernizar as estruturas sociais, políticas e económicas herdadas da Restauración que se atoparan coa oposición dos grupos oligárquicos que detentaban dito poder. Ademais, estas reformas veranse afectadas pola conxuntura económica da II República, condicionada polo crack do 29, que dificultó a obtención de fondos para a súa financiación.

A primeira das reformas foi a reforma militar ou Lei Azaña que consistiu nunha reestruturación do exército. Debido a que durante a ditadura de Primo de Rivera se promocionaron os ascensos tanto por méritos como por antigüidade, a estrutura do exército adoeceía dunha macrocefalia excesiva que o facía inoperante e terriblemente caro. Suprimíuse a Academia de Formación de oficiais de Zaragoza (para non favorecer o incremento de novos oficiais). Por temor, o goberno non se atreveu a suprimir a Garda Civil e para realizar funcións de policía urbana e protectora da República, preferiu crear os Gardas de Asalto. Tamén se eliminou a Lei de xurisdicións de 1906 e os militares deberon xurar fidelidade á República, pois pretendíase republicanizar o exército. Esta reforma provocou a crispación de moitos sectores do exército, sobre todo ós africanistas.

A reforma educativa e a coñecida como reforma relixiosa (ou do clero) foron impulsadas polo carácter laico do estado español establecido pola Constitución, que decretou por primeira vez na Historia de España a separación da Igrexa e o estado. Dita reforma conduciu a extinción do Concordato de 1851 o que supuxo afirmar a non confesionalidade do estado, aprobar a liberdade de cultos, o divorcio e o matrimonio civil. No plano educativo prohibíuse o ensino ás ordes relixiosas e fíxose obrigatorio o ensino primario, do que se encargaría o estado. Apostouse por modernizar os métodos pedagóxicos, investir na formación de profesores laicos e construír numerosas escolas públicas primarias para alfabetizar á poboación (destaca tamén a creación das Misións Pedagóxicas para a difusión da cultura). Estas actuacións provocaron a crispación do clero e un crecente enfrontamento entre a Igrexa e o estado republicano.

O goberno tamén plantexou a necesidade de levar a cabo unha reforma agraria para tratar de resolver os graves problemas do campo español, que non lograran arranxar os liberais do século XIX cos seus procesos desamortizadores. No momento no que se promulgou a reforma o sur de España presentaba unha estrutura latifundista, caracterizada pola abundancia e a miseria dos xornaleiros. A lei de Reforma Agraria plantexaba a expropiación con indemnización das terras non productivas dos terratenentes. Para levala á práctica creouse o Instituto de Reforma Agraria (IRA) por parte do estado. Con isto, os terratenentes perderían o poder social sobre os xornaleiros, polo que comezaron a intentar entorpecer o proxecto mediante





os seus deputados. Os xornaleiros, desesperados ante a lentitude e pouca repercusión da reforma, emprenderon mobilizacións inspiradas nas doutrinas anarquistas na defensa dunha mellora da súa precariedade. A tensión fíxose evidente no fracasado golpe de estado do xeneral Sanjurjo (1932), que contaba co apoio dos latifundistas andaluces, e que provocou unha reacción dos partidos no goberno que axilizou a reforma, ou na matanza de Casas Viejas, provocada pola represión por parte das forzas da orde pública dunha revolta de xornaleiros anarquistas. Consecuentemente, esta reforma non descontenta unicamente aos propietarios das terras, senón tamén aos xornaleiros, pola escaseza de cambios e a severidade da represión costandolle a República o apoio da CNT - FAI nas seguintes eleccións.

A reforma da estrutura territorial do estado pretendía conceder estatutos de autonomía ás denominadas nacionalidades históricas descentralizando a administración do Estado. Os cataláns lograrán obter o seu estatuto en 1932 (suspendido en 1934 durante o bienio antireformista e repostado polo goberno da Fronte Popular). Os vascos non conseguiron obter o seu estatuto ata 1936, pois o que propuxeron inicialmente o PNV e os carlistas non foi aceptado por antirrepublicano. En Galicia, tardouse moito en elaborar o estatuto de autonomía e cando os deputados do Partido Galeguista o presentaron en 1936 (foi Castelao o encargado) non chegou a ser confirmado polas Cortes debido ao inicio da Guerra Civil.

Finalmente a reforma social de Largo Caballero (secretario xeral do PSOE e UXT) tratou de mellorar a situación dos obreiros fomentando reformas nas negociacións dos contratos de traballo, establecendo seguros sociais e favorecendo a actividade dos sindicatos. Estas reformas non chegaron a contentar ós obreiros e xornaleiros, pero molestaron moito ós empresarios e terratenentes.

A posta en práctica das reformas atopouse limitada pola inestabilidade política da república, e pola oposición da oligarquía, acostumada a exercer o poder, que optará por organizarse electoralmente. Destacará a *CEDA* de Gil Robles, que aglutinará aos católicos e alfonsinos descontentos, e o partido fascista *FE y de las JONS* de J. A. Primo de Rivera.

En 1933 Alcalá Zamora dissolveu as cortes e convocou eleccións que gañou o bloque antirreformista, debido á unidade das dereitas e os católicos, a ampliación do sufraxio, o abstencionismo anarquista derivado de Casas Viejas e o descontento pola lentitude do proceso reformista. Iniciouse así o denominado Bienio antirreformista ou negro, dominado polo *Partido Republicano Radical* de Lerroux e a *CEDA*, cuxa principal tarefa foi abolir dito proceso reformista.

Nas eleccións de febreiro de 1936 unha nova coalición chamada *Fronte Popular*, integrada polos principais partidos de esquerda (republicanos de esquerda, socialistas, comunistas e anarquistas), obtivo a vitoria coa proposta de volver a poñer en funcionamento o proceso reformista iniciado en 1931 e unha amnistía para os represaliados no bienio anterior (polos sucesos de outubro de 1934 coa folga xeral revolucionaria, a rebelión da Generalitat catalana e a revolución de Asturias). Neste momento, os sectores que se sentiron agraviados decidiron abandonar a loita electoral e organizar un golpe militar. Neste momento, xa cesado Alcalá Zamora, o executivo estaba integrado por Manuel Azaña como presidente da República e Casares Quiroga como presidente do goberno.



A modo de conclusión, en relación con este tema, podemos afirmar que a sublevación do 18 de xullo de 1936 tivo como aglutinante non tanto un proxecto político común, xa que as súas propostas eran ideolóxicamente heteroxéneas e oscilaban desde a ditadura militar republicana proposta por Mola ata a restauración borbónica de Gil Robles, senón paralizar o proxecto reformista iniciado en 1931.